

# COMO XESTIONAR AS CUALIFICACIÓNS

## ÍNDICE DO MANUAL


- Separador de cualificacións
- Ficha do estudante
- Editar notas e cualificar exercicios
- Descargar cualificacións


## Separador de cualificacións

Para xestionar as notas do teu alumnado, accede á clase que desexas revisar dende a sección **Clases** e sitúate no separador CUALIFICACIÓNS .




Dende o despregable **Contido seleccionado** podes seleccionar o libro que queres consultar, en caso de ter máis dun libro asignado á clase.



Tamén podes **consultar as notas medias en función dos filtros** que apliques. Se inclúes **exercicios que aínda non teñen cualificación** ou **exercicios que aínda esperan unha revisión pola túa parte**, a media realizarase contando cun cero naqueles exercicios que non estean cualificados na ficha do estudante. Para iso, só terás que poñer ou quitar o tic verde nestas opcións:

1- 


2- 


Fai clic na **frecha** de cada unidade **para despregar** as súas actividades e de novo na mesma frecha para despregar os exercicios.




Se nalgunha columna aparece un **punto vermello,** significa que esa actividade contén exercicios que deben ser corrixidos e puntuados polo docente.






Todos os videotitoriais de BlinkLearning aquí

Desprega a unidade e a actividade para ver as columnas dos exercicios que aparecen cunha icona dun **lapis vermello**. Estes exercicios están marcados cunha letra “P”.




Se nalgún caso o exercicio aparece cun **guión medio**, será porque o alumno ou alumna non realizou o exercicio.



Das columnas despregadas cos exercicios, podes premer sobre calquera nota ou símbolo que apareza na fila dun alumno ou alumna para acceder a eles e revisalos.




## • Ficha do estudante

Sitúate no separador USUARIOS para acceder á ficha de cada un dos alumnos ou alumnas. Para iso, fai clic sobre o botón de VER FICHA que hai debaixo de cada perfil.




Tamén podes acceder ás fichas dende o separador CUALIFICACIÓNS, facendo clic sobre o nome do estudante.



Todos os videotitoriais de BlinkLearning aquí




Aquí podes ver a evolución do alumno ou alumna, acceder aos seus exercicios e aplicar os filtros.




Na parte esquerda poderás ver un gráfico coa evolución do curso escolar do alumno ou alumna, incluíndo a nota media de **exercicios e exames**, se os houber.

Na parte dereita está o apartado Detalle por unidades didácticas. Desprega as unidades facendo clic na frecha para ver con máis detalle as actividades que conteñen e se están completadas polo alumno ou alumna.







Podes enviar unha mensaxe dende o cadro que indica Escribir un comentario… de cada unha das unidades e revisar ou incluso editar os exercicios facendo clic sobre Actividades.




Unha vez entres nas súas actividades, dende aquí poderás editar as notas dos exercicios do alumno ou alumna, deixar comentarios, anotacións, navegar polos seus exercicios e incluso navegar entre os alumnos.

## Editar notas e cualificar exercicios

Cando accedes a un dos exercicios, podes **editar a cualificación** do estudante, deixarlle un **comentario**, unha **anotación**, un **subliñado** ou **escrita á man co lapis**.




Preme sobre a nota do exercicio para poder editala. Engade un comentario que despois verá o alumno ou alumna no seu exercicio e edita a nota se así o consideras. Despois selecciona Aceptar para que se garden os cambios.



Navega polos exercicios que compoñen esta actividade premendo nos botóns das frechas para avanzar ou retroceder. Volve á ficha premendo no botón de atrás.




Tamén podes realizar outras accións dende a barra de navegación superior;
Compartir a ligazón desa actividade noutra plataforma.
Repetir actividade para resetear as respostas e que a alumna ou alumno poida volver repetila.







E utilizar as ferramentas de Lapis, Subliñador, Borrador e Engadir nota persoal.



No despregable de Contido seleccionado podes cambiar de libro, no caso que haxa máis de un asignado a esta clase, para consultar outros contidos e a súa evolución.




Tamén podes filtrar polo tipo de actividades que queiras que fagan media, quitando ou poñendo o tic verde en Incluír exercicios sen cualificación e en Incluír exercicios de resposta aberta que aparecen na parte superior da ficha.

- ## Descargar cualificacións

Dende a separador CUALIFICACIÓNS e na barra superior podes realizar diferentes accións.

Fai clic en Descargar informe .




Descargarase un **documento Excel** para poder visualizar todas as notas do teu alumnado ata o momento.




Se activas cun clic o botón Tick poderás ver de forma rápida os estudantes que están suspensos e os aprobados. Coloréanse as celas dos aprobados en verde e os suspensos en vermello. Unha vez o desactives, deixaralo de ver.




Se activas o lapis poderás editar as notas medias de cada unidade. Cambia as notas e fai clic de novo no botón para que se garden os cambios.






Necesitas axuda?

Escríbenos a clientes@grupoanaya.com coa túa consulta.



Todos os videotitoriais de BlinkLearning aquí